



ASINADO POR

Maria Isabel Buján Bernardes
Técnica de administración especial, xefa do Servizo
Dinamización, Formación e Emprego
28/11/2025



ASINADO POR

O secretario xeral do Concello de Culleredo -FHN-
Rafael José del Barrio Berbel
28/11/2025

ANUNCIO TABOLEIRO SEDE ELECTRÓNICA

Procédese á publicación da parte dispositiva do Decreto Nº 2369/2025 do día 26/11/2025 no que se abre un novo período de inscrición no proxecto de formación dos hortos urbanos para asociacións municipais de ámbito social. Expte nº 1418726D.

"(...) Primeiro. - Acordar a apertura dun novo período de inscrición, no proxecto formativo dos hortos urbanos 2025-2029, para as asociacións municipais de ámbito social do Concello de Culleredo, dende o día 5 ao 19 de decembro de 2025.

Realizarase unha lista provisional que será exposta o día 26 de decembro de 2025 non Centro Municipal de Formación e Emprego "Pablo Picasso", dándose 3 días naturais para posibles alegacións a partir do día seguinte da dita publicación. Unha vez revisadas as posibles alegacións formularase unha lista definitiva que será publicada non Centro Municipal de Formación e Emprego "Pablo Picasso" o día 30 de decembro de 2025. No caso de que a demanda de prazos exceda a oferta realizada procederase a un sorteo en sesión pública o día 9 de xaneiro de 2026 no lugar anunciado previamente a través da páxina web do Concello e do seu taboleiro de anuncios (sede.culleredo.es/tablondeanuncios).

As entidades interesadas deberán achegar a súa solicitude debidamente cumprimentada e presentarse de forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Culleredo (sede.culleredo.es).

Segundo.- Determinar os requisitos para formar parte deste proxecto, que son os que de seguido se recollen:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Culleredo.
- Designar á persoa representante da mesma.
- Presentar un proxecto de interese social no que describan as actividades que van a realizar nos hortos.

Terceiro.- Dar difusión do proxecto a través da páxina web do Concello de Culleredo (www.culleredo.es) e do seu taboleiro de anuncios e (sede.culleredo.es/tablondeanuncios)."

En Culleredo, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola xefa do servizo de Dinamización, Formación e Emprego e pola Secretaria Xeral do Concello de Culleredo





CONCELLERÍA DE DINAMIZACIÓN SOCIAL
Servizo de Dinamización, Formación e Emprego

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

**PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL:
 PLANTACIÓN E PRODUCCIÓN DE HORTICULTURA ECOLÓXICA NOS HORTOS URBANOS
 DO XARDÍN BOTÁNICO DO BURGO - CONCELLO DE CULLEREDO - 2025/2029**

DATOS DA SOLICITANTE

NOME ASOCIACIÓN	CIF	Nº INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL		
DOMICILIO SOCIAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL		
REPRESENTANTE	DNI/NIE	TELÉFONO MÓBIL	TELÉFONO FIXO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

SOLICITA a inscrición no PROXECTO DE FORMACIÓN PARA A SOSTENIBILIDADE AMBIENTAL: PLANTACIÓN E PRODUCCIÓN DE HORTICULTURA ECOLÓXICA NOS HORTOS URBANOS DO XARDÍN BOTÁNICO DO BURGO - CONCELLO DE CULLEREDO. 2025/2029

Documentación a presentar:

- Proxecto de interese social no que se describan as actividades que se van realizar nos hortos

DECLARO QUE :	Síñale o que proceda cun SI ou cun NON	SI	NON
	Trátase dunha asociación municipal de ámbito social	☐	☐

A solicitante coa súa sinatura autoriza ao Concello de Culleredo a comprobar os datos COMPROBADO do Rexistro Municipal de Asociacións para verificar o que se manifesta nesta solicitude. pola administración

O Concello de Culleredo é o responsable dos datos persoais e infórmalle que estes serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), coa finalidade para a que foron recabados e conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento. Poderanse ceder os seus datos a terceiros por ser necesario para lograr a finalidade do tratamento ou ás autoridades públicas por obrigación legal. Vostede poderá retirar o consentimento en calquera momento, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, previa acreditación da súa identidade, na dirección Rúa do Concello núm. 12, 15189 Culleredo. Email: biodiversidade@culleredo.es

CULLEREDO, de de 2025

SINATURA

Sr. Alcalde Presidente do Concello de Culleredo.